

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 3 DE XANEIRO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día tres de xaneiro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: .- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.- Preside a sesión o Concelleiro Don Anxo Collarte Perez , debido a ausencia do Alcalde –Presidente Don Marcos Blanco Jorge , de conformidade cos artigos, 23.3 da Lei 7/85 , de 2 de abril L.R.B.R.L ;y 43.2 do R.D.Leg 2568/1986 , de 28 de novembro , R.O.F.

Está presente o Secretario do Concello, Don Jacobo Barreiro Pimentel.

Aberta a sesión polo Sr.Concelleiro que a preside, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 26 de Decembro do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

Non houbo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

INFORNE ANUAL DE ARQUEOLOXIA 2007

A Xunta de Goberno Local tomou coñecemento do escrito remitido pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico , polo que se comunica o Informe Anual de Arqueoloxia 2007.

ESCRITO DA EMPRESA CONCESIONARIA AQUALIA.

A Xunta de Goberno Local tomou coñecemento do escrito remitido pola empresa concesionaria AQUALIA , de data 28 de decembro do 2007, polo que se comunica os Resultados analíticos do Abastecemento (setembro , outubro , e novembro)e EDAR (septembro), 2007.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

-VEICAR.Sumministración dun equipo de excarcelación para o Servizo de Protección Civil, segundo factura número 510, por importe de 22.773 euros.

APROBACIÓN DAS SEGUINTE LIQUIDACIÓNS .

-CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO NORTE.Canon de control de verquidos xestionados pola AEAT, por importe de 6011,25 euros, segundo liquidación adxunta.

-CONFEDERACIÓN HIDRGRÁFICA DO NORTE.Canon de control de verquidos xestionados pola AETA, por importe de 5623,92 euros,segundo liquidación adxunta,

CORRECCIÓN DE ERROS.

FACTURA HOSTAL EVENCIO.Aprobada pola Xunta de Goberno Local de 17 de decembro de 2007, por importe de 4040 euros.Error no concepto, en lugar de comida de Nadal , sustituese polo seguinte concepto:servizo de comidas para os montadores ,ceas , para xornadas folclóricas, segundo xustificación adxunta.

APROBACIÓN DE CONTRATO DE CONSULTORIA E ASISTENCIA PARA O ASESORAMENTO ARQUEOLÓXICO.

A Xunta de Goberno Local aproba o contrato de Consultoria e Asistencia , de data 2 de xaneiro do 2008, para o Asesoramento Arqueolóxico necesario para o correcto

desenvolvemento e funcionamento da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia.

O contrato foi adxudicado a Don Manuel García Valdeiras , a traves do procedimientto negociado sen publicidade en base o disposto no artigo 210 b) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas; cunha duración ata o 31 de decembro do 2008, e pr unha cantidade de TRES MIL EUROS (3.000 euros), IVE INCLUIDO.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO